



RESERVA DE PRAZA PARA O CURSO 2013/14 ALUMNADO DO CEP Dr. FLEMING

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- Do 18 ó 22 de marzo de 2013.
- Os impresos de solicitude (**ANEXOS I e II**) poden ser recollidos na CONSERXERÍA do INSTITUTO en horario de mañá de 9 a 14 horas, e pola tarde de luns a xoves de 16,30 a 19 horas. Tamén se poden imprimir da páxina WEB da Consellería de Educación.
- Presentaranse na SECRETARÍA do INSTITUTO de 9,30 a 13,30 horas da mañá, e pola tarde o luns e xoves de 16,30 a 18,30 horas (co anexo II débese adxuntar a Fotocopia do DNI).

Cada solicitante **presentará unha única solicitude** ante a dirección do centro que lle interese, que poderá conter ata seis centros por orde de preferencia.

DOCUMENTACIÓN PARA O BAREMO:

- Prazo de presentación: **do 25 de marzo ao 9 de abril** (tamén se pode entregar coa solicitude).
- **Certificado do padrón da unidade familiar**, que terá que coincidir co domicilio fiscal. No caso contrario, será baremada con 0 puntos. A aqueles que non teñan o domicilio familiar dentro da zona de influencia do centro pero si o **traballo do pai/nai**, este puntuaralles para o baremo (debidamente xustificado).
- No caso de ser **familia numerosa**, fotocopia do carné de familia numerosa e se teñen recoñecida **algunha minusvalía** pai, nai, irmáns ou solicitante, fotocopia do certificado de minusvalía.
- No caso de **familia monoparental**, fotocopia do libro de familia (ou calquera dos documentos que se especifican na orde que regula o proceso de admisión).
- Para a consideración de **irmáns no centro**, fotocopia completa do libro de familia.

PUBLICACIÓN DAS LISTAS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS

- Listas provisionais: **ata o 10 de maio de 2013**.
- Plazo de reclamacións: **5 días hábiles** dende a publicación das listas provisionais.
- Listas definitivas: **antes do 31 de Maio de 2013**.

FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA

Do 25 de xuño ao 10 de xullo (para saber os días de matrícula que corresponden a cada nivel educativo, consultar o calendario que publicará o centro).

A dirección do IES do Castro